

Visita de estudo á cooperativa L'Olivera en Vallbona de les Monges (Lleida)

4 a 6 de xullo de 2014



L'Olivera é unha pequena cooperativa situada en Vallbona de les Monges, unha vila de 259 habitantes¹ situada na provincia de Lleida e que forma parte da Ruta do Císter. No seu proxecto, combina unha actividade económica baseada na elaboración de viños e aceites cunha compoñente social, dirixida á inclusión de persoas con discapacidade intelectual.

O Proxecto Symbios – Eixo 4.80 do P.O. FSE Galicia 2007-2013 ten, entre os seus obxectivos, o de identificar e modelizar experiencias de emprendemento dinamizador e inclusivo que poidan servir de base para a difusión de actuacións contra a exclusión territorial e a dinamización das zonas en declive demográfico. A Cooperativa L'Olivera constitúe, polas súas características, unha iniciativa de interese para Symbios.

O Proxecto Symbios ten prevista, na súa memoria, a realización de visitas técnicas a experiencias de desenvolvemento comunitario e de emprendemento dinamizador e inclusivo dos territorios dos socios, diferentes a Galicia. Neste marco de actividade, realizouse unha visita de estudo á Cooperativa L'Olivera o pasado mes de xullo de 2014.

A visita realizárona tres persoas de perfil técnico de entidades e iniciativas de emprendemento en Galicia colaboradoras co Proxecto Symbios e cunha clara conexión coa iniciativa e temática obxecto da visita: Asociación AMIPA, Centro Ocupacional de Persoas con discapacidade intelectual de Vilalba- Terra Chá e Casa do Romualdo, ademais dunha persoa da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Xunta de Galicia.

¹ Fonte: IDESCAT (Instituto de Estadística de Cataluña) en <http://www.idescat.cat/emex/?id=252385&lang=es>

A visita de estudo enmarcouse nun Seminario sobre Emprendemento Sostible no medio rural “Outra maneira de empender”, organizado pola Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (COCEDER), entidade socia da Rede Symbios. A actividade, que tivo lugar entre os días 4 e 6 de xullo, foi conducida por profesionais da socioloxía, economía, agroecoloxía que, ademais de formación, facilitaron o debate e reflexión sobre a iniciativa comunitaria e as fórmulas de emprendemento en clave de economía social e solidaria en contextos rurais. Formaba parte dun plan de formación a emprendedores/as que xa tivera actividade precedente en Amayuelas (Palencia)².

Nesta ocasión, as persoas participantes, ademais de traballar en clave de posta en valor e sobre as oportunidades que ofertan as áreas rurais, que posteriormente se irán concretando en proxectos de emprendemento, visitaron as instalacións da Cooperativa L’Olivera. A iniciativa conta, ademais dunha bodega e salas de tratamento dos produtos, cunha residencia que aloxa a un total de 17 persoas con discapacidade que traballan na cooperativa, que conta con servizos de terapia ocupacional e outras actividades orientadas á súa inclusión social.

Máis información en

http://www.proxectosymbios.eu/descargas/iniciativas/ficha_olivera_gal.pdf

<http://www.asociacionamipa.es/noticia/visita-de-estudo-cataluna>

² Máis información sobre o programa do seminario en

http://www.coceder.org/extras/NP_CURSO_EMPRENDIMIENTO_SOSTENIBLE_EN_EL_MEDIO_RURAL_SEGUNDO_SEMINARIO.pdf